

ACTA NÚM. 1 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE 2013.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezaseis horas e trinta minutos** do día **trinta e un de xaneiro de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona Paula Prado del Río.
Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Albino Vázquez Aldrey.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santias.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

O R D E D O D Í A:

Punto único: Comparecencia do Sr. Alcalde, Don Ángel Currás Fernández, para dar conta en primeira persoa da situación que está a atravesar o Concello de Santiago tras a súa imputación, a fin de clarexar as informacións sobre presuntas falsidades en

documentos públicos e presuntas falsificacións de informes, así como para explicar cómo está a afectar isto ao normal funcionamento do Concello e a súa xestión.

Cumpriméntase así:

PUNTO ÚNICO: COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE, DON ÁNGEL CURRÁS FERNÁNDEZ, PARA DAR CONTA EN PRIMEIRA PERSOA DA SITUACIÓN QUE ESTÁ A ATRAVESAR O CONCELLO DE SANTIAGO TRAS A SÚA IMPUTACIÓN, A FIN DE CLAREXAR AS INFORMACIÓNS SOBRE PRESUNTAS FALSIDADES EN DOCUMENTOS PÚBLICOS E PRESUNTAS FALSIFICACIÓNS DE INFORMES, ASÍ COMO PARA EXPLICAR CÓMO ESTÁ A AFECTAR ISTO AO NORMAL FUNCIONAMENTO DO CONCELLO E A SÚA XESTIÓN.

Inicia o debate do Sr. Alcalde, que indica que de conformidade co artigo 112 do Regulamento orgánico, o desenvolvemento da comparecencia axustarase ós seguintes trámites: en primeiro lugar haberá exposición oral do grupo político ou dun ou dunha dos/as concelleiros/as autores da iniciativa por un tempo máximo de cinco minutos, exclusivamente para precisar as razóns que motivan a comparecencia e formular as preguntas nas que se concreta aquela. Seguidamente intervirá o comparecente polo tempo que fixe o Presidente ou Presidenta, que non poderá exceder de dez minutos. Despois intervirán os representantes dos grupos políticos por un tempo máximo de cinco minutos cada ún para fixar posicións, facer observacións ou formular preguntas, e finalmente prevese a contestación do comparecente por un tempo máximo de dez minutos.

Deste xeito, corresponde agora que o grupo socialista comece a súa quenda de debate.

Don Francisco Reyes formúlame unha pregunta antes de comezar o debate, sobre se hai que cingirse á orde do día, ó que respondo afirmativamente. A continuación, cualifica de lamentable que hoxe teñamos que estar neste pleno extraordinario para coñecer as explicacións que o Sr. Alcalde, en nome do seu grupo de goberno, tiña que ter dado a todos/as veciños/as de Santiago pola crítica situación que está a vivir esta institución, pola fractura do goberno que o Sr. Currás preside, e sobre todo polas consecuencias que este desgoberno ten e vai ter para a nosa querida Compostela.

O Sr. Alcalde non foi quen de convocar pola súa propia vontade a xuntanza cos voceiros dos grupos municipais que forman parte desta corporación, e que lle guste ou non, representan á veciñanza de Santiago. Tampouco foi quen de convocar o pleno para tratar o debate do estado do municipio, cecais porque o estado no que se atopa poderíase cualificar de crítico e con pronóstico incerto. Así, o grupo municipal socialista tivo que esixir e obrigar ao señor alcalde desta cidade a dar explicacións aos cidadáns que representa, e isto non di moito do Sr. Currás, que cecais aínda non se enterou de que ser alcalde é estar ao servizo dos cidadáns, cidadáns que a día de hoxe aínda non poden crer o desgoberno que hai.

E non se pode dicir que a situación é normal, pois non é normal que en pouco máis dun ano teñamos dous alcaldes imputados, dous concelleiros do goberno imputados, un xefe de gabinete cesado, o actual xefe de gabinete tamén imputado; e a directora da área de seguridade, persoal de confianza do alcalde, tamén imputada. Esta situación pode cualificarse con calquera adxectivo, menos o de “normal”, e non se van esixir aquí detalles

da imputación na operación “pokemon” nin da declaración do Sr. Alcalde ante o xulgado de Lugo que instrúe o caso.

O grupo socialista é consciente de que está declarado o segredo de sumario sobre o proceso, e o PSdeG-PSOE sempre foi escrupulosamente respectuoso coa acción da xustiza, e coa presunción de inocencia. Entenden que nesta fase procesual hai que ser cauto, e isto é predicable tanto do señor alcalde como do resto dos imputados nas diferentes causas, criterio co que o Sr. Currás só esta de acordo cando o imputado é el mesmo, pois se a imputada é a concelleira de educación, entón debe dimitir.

O seu grupo non ven hoxe a escoitar que outros membros do anterior goberno tamén foran imputados, porque o Sr. Currás, máis que ninguén, sabe que as imputacións se produciron sempre por denuncias de concelleiros do PP, que posteriormente foron arquivadas. Tampouco veñen hoxe a escoitar outra vez que a responsabilidade é nun caso de dona Rebeca e do técnico de educación; noutro de Don Albino, de Dona Amelia, á que por certo o sr. Currás sinalou sen que o fixera o xuíza, o que lle parece moi grave, tendo en conta que está sentada á dereita do Sr. Currás como segunda tenente de alcalde, e da Directora de Área, porque iso xa o dirá a xustiza. Tampouco están hoxe para escoitar unha vez máis que a responsable da ruptura do goberno municipal é a herdanza recibida do anterior executivo.

Está claro que ao Sr. Alcalde non lle gusta asumir responsabilidades neste denominado bipartito do goberno popular, pero este pleno pode ser unha oportunidade para facelo, explicando ós cidadáns as seguintes cuestións:

* Ten abonada o Concello a débeda pendente con Sermasa polos servizos prestados nos últimos meses sen contrato ou con contrato verbal por non ter o Sr. Alcalde convocado en prazo un novo concurso público?

* Segundo publicou un medio de comunicación, o Sr. alcalde convocou unha xuntanza con todos os concelleiros, varios asesores, o secretario e o interventor, e nesa xuntanza presumiblemente presionou á concelleira de educación para que conformara as facturas antes mencionadas, e incluso a acusou de deixación de funcións, e a amenazou con deixala sen soldo?. Podería dicir porque non as conformou el mesmo asumindo a súa responsabilidade e evitando así que moitas familias composteláns, nun momento de crise como o actual, deixaran de cobrar o seu soldo a fin de mes?

* A modificación, ou presunta manipulación do informe do técnico de educación que forma parte do expediente de recoñecemento desta débeda realizouse a instancias ou a sabendas do señor alcalde?

* É certo que pediu o listado de chamadas e correos electrónicos dos concelleiros?

* Por certo, o grupo socialista solicitou contestación por escrito a unha serie de preguntas relativas a todo isto. Por que non se lle contestou?

* Pode dicir o señor alcalde por que ningunha das dúas queixas que sustentan a apertura dos expedientes disciplinarios do inspector número 2 da xefatura, que o Sr. Currás di coñecer de vista, foron incluídas na comisión informativa de queixas e suxestións?

* Se o Sr. Alcalde vai responder que as informacións publicadas nos medios de comunicación son falsas, qué medidas vai adoptar para garantir a boa imaxe desta corporación e a do seu presidente?

Tamén desexa o Sr. Reyes que neste pleno, ademais de asumir responsabilidades, o Sr. Alcalde asuma compromisos, por iso se quere de verdade falar de transparencia e rigurosidade, e ca fin de evitar que no sucesivo teñamos espectáculos tan bochornosos como os que estamos a padecer, o grupo municipal do PSdeG-PSOE vai propoñer que se elabore un código ético do goberno municipal, que sexa aprobado con rango de ordenanza, onde se contemple un catálogo de sancións afectado ao incumprimento do mencionado código, que deberá presentarse para a súa aprobación neste pleno no prazo de tres meses a partires da data de hoxe. E así mesmo, engade o concelleiro, propónse a redacción dun código de boas prácticas da administración do Concello, que sexa igualmente presentado para a súa aprobación neste pleno, e que se introduzan en todas as compras do concello criterios de compra ética, supervisados por unha comisión.

Para o Sr. Alcalde, que intervén a continuación, o feito de que o Sr. Reyes preguntara se tiña que axustarse á orde do día, dá idea da irresponsabilidade da que fai gala. Como ben imaxinaba, o concelleiro non se axustou á orde do día, senon que saiu por onde lle pareceu, mesturando churras con merinas, e referíndose a asuntos que nin tan sequera están na solicitude de convocatoria. Pide o grupo socialista a comparecencia do sr. Alcalde en primeira persoa, o que é unha obviedade, pois loxicamente se piden a comparecencia do alcalde ten que ser en primeira persoa, non vai ser en terceira. E a piden sobre a imputación, e para ademais, explicar como está a afectar ao normal funcionamento do concello, cunha estratexía de confusión perfectamente calculada, pois confunden a imputación cunha información de prensa sobre un presunto informe alterado, ou falsificado. Como é natural - di o sr. Alcalde- no exercicio das súas funcións pediu ó secretario e ao mesmo tempo director da asesoría xurídica, que lle informase sobre este expediente administrativo, que foi tramitado como todos os demais expedientes deste concello, e non ten motivos como alcalde para dudar da correcta actuación dos servizos de xestión administrativa municipal, ós que o grupo socialista pon en dúbida, e dos órganos encargados do cumprimento da normativa en vigor, así como tamén da transparencia e legalidade de todos os actos administrativos deste concello. Parécelle mentira que os socialistas, que gobernaron durante moitos anos este concello, poñan en dúbida precisamente este modo de actuación.

En todo caso, o asesor xurídico mantén que no expediente sometido á Xunta de Goberno existe un único informe suscrito polo xefe do departamento de educación, o que amosa a falta de irregularidades nos procedementos administrativos, e dende logo, que este concello sempre está disposto ao esclarecemento de calquera actuación administrativa que se leve a cabo no mesmo.

Con estas manifestacións, o Sr. Alcalde estima suficientemente aclarado o aspecto solicitado, e agarda que o grupo socialista non pretenda co pedimento deste pleno confundir á opinión pública, nin tan sequera xerar alarmismo en beneficio exclusivamente propio, a costa de dañar a imaxe dun goberno ou a imaxe dun alcalde, a quen o único que lle importa e importou sempre é traballar por Compostela

Engade o Sr. Currás que a actividade de xestión e a actividade institucional, na que por certo os socialistas non participan case nunca, a pesar de ter dedicacións exclusivas, se está

levando como sempre, coa dedicación que esixe esta cidade, como poñen de manifesto as reunións das diferentes comisións de traballo que están tendo lugar permanentemente neste concello, ou como poñerá de manifesto o contido da orde do día do pleno que teremos a continuación, especialmente en materia de planificación e urbanismo. Todos estes datos evidencian a actuación seria que está levando o concello, e así nas últimas semanas iniciáronse diferentes obras, e nos últimos dous meses houbo unha importante actividade cultural, con toda a planificación presentada xa para o conxunto de 2013, ó que se suma a dinamización dos centros socio-culturais e dos centros educativos, especialmente no que se refire á conciliación da vida laboral e familiar, que ó anterior goberno municipal nunca lle importou nada e que ven de rematar fai unha semana. Destaca tamén o sr. alcalde a formalización de convenios en Estambul e en Dublín, coas compañías aéreas xestionando novos destinos dende e cara a Compostela, ou o impulso que se está a dar ao proxecto da cidade smartcity en Compostela, unha planificación de futuro nas últimas semanas, como se acredita pola presenza da promoción de Compostela en Fitur. Tamén se manteñen reunións constantes coas asociacións de veciños de barrios e parroquias, para solventar os múltiples problemas, e se xestionan as obras do programa urbana norte nas últimas semanas, como se manifesta cunha execución orzamentaria do exercicio de 2012 superior ao 90%, algo inédito na xestión do grupo socialista. A contínua actividade do goberno municipal tamén se pode amosar coa inmediata incorporación da concelleira de economía e facenda á súa actividade diaria, incluso renunciando ao permiso de maternidade que lle correspondería, para traballar nos orzamentos e na liquidación.

Don Rubén Cela intervén seguidamente, e indica que o señor Currás, como calquera outro cidadán, terá que responder perante a xustiza se cometeu algún tipo de actuación ilícita, máis tamén ten a obriga de rendir contas conta aos veciños e veciñas que representa, e resulta moi significativo que a pesares da gravidade da situación, non quixera vir voluntariamente a dar a cara a este pleno, e teña que vir obrigado pola solicitude da oposición.

Vivimos unha situación politicamente insostible, sen precedentes na historia deste concello. Existe unha fondísima crise de lexitimidade e de credibilidade do actual goberno municipal, provocada polos contínuos escándalos xudiciais, polas liortas entre os diferentes bandos do grupo municipal do Partido Popular, e pola situación de desgobierno e descontrol na que está sumido este concello.

Ante esta situación, unha inmensa maioría dos veciños e veciñas de Santiago, moitísimos votantes do Partido Popular, o único que poden sentir é bochorno e vergoña, moito máis coas informacións coñecidas hoxe.

O Sr. Currás empéñase, e acaba de volver a facelo, en repetir que todo é normal, que as cousas están tranquilas, que só existen leves discrepancias, e iso non é certo, pois a situación é de todo menos normal, o ambiente é de todo menos tranquilo, e as discrepancias entre os membros do grupo popular son de todo menos leves.

A ninguén lle pode parecer normal que en ano e medio levemos dous alcaldes dobremente imputados, outros dous concelleiros tamén imputados, ao igual que unha coordinadora, un xefe de gabinete cesado, e o seu substituto tamén imputado, e a ninguén lle parece normal que mentres os concelleiros están enfrascados en liortas internas, a xestión ordinaria do concello estea colapsada, ata o punto de que houbo que ver como ningún membro do grupo

de goberno, incluído o señor Currás, asinou unhas facturas, o que motivou que haxa máis de cincuenta e cinco familias hoxe en Santiago sen cobrar, e que se siga a limpar neste concello sen concurrencia, sen publicidade, sen contrato, sen pagar á concesionaria, e sen cobrar os traballadores, ou que sigamos sen ter iniciado o trámite formal para os orzamentos de 2013, a pesar de que o sr. alcalde se comprometera publicamente a inicialos en outubro de 2012. Xa se verán as consecuencias que iso pode ter nos vindeiros meses, pero iso dende logo nin é rigor nin normalidade, senon unha mestura de incompetencia, de desleixo, de incumprimentos, e de incapacidade de xestionar o día a día. Diante desta situación, o Sr. Currás, como máximo responsable deste desgoberno, ten dúas opcións: dimitir ou permanecer irresponsablemente no seu cargo.

De momento, o Sr. Alcalde optou por atrincherarse cos seus fieis neste Pazo de Raxoi, para seguir aferrado á alcaldía, sabendo perfectamente os custes que esa decisión terá para Santiago, e sendo plenamente consciente do dano que vai seguir provocando á xa maltreita imaxe da cidade, e á credibilidade desta institución. Unha vez máis, o sr. Currás anteporá os seus intereses particulares ou partidarios aos dos veciños e das veciñas.

Hoxe o BNG volverá a pedir dende aquí que dimita, e esa petición non é un capricho, e dende logo, non está o concelleiro esixindo nada que non se esixa a sí mesmo. O Sr. Alcalde debe dimitir de inmediato pola imaxe de Santiago, pola credibilidade do Concello como institución, como garantía de que a súa defensa non interfere na súa acción como alcalde, e sobre todo, por unha elemental cuestión de hixiene democrática, decencia e responsabilidade.

O Sr. Currás debe dimitir non pola imputación en si, senón polo que fundamenta esa imputación, e por como esa imputación está a condicionar tan negativamente a súa capacidade de goberno, a desatención de asuntos, a falta de cooperación, a desconfianza no equipo de goberno, ou a falta de xestión, como vimos de ver coa gardería de Salgueiriños ou coa limpeza, pois canto máis tarde o faga, maior dano lle fará a Santiago, e máis evidente será a permisividade e a complicitade da cúpula do PP.

Ao non esixirlle a súa dimisión o señor Feijoo, evita o bochorno de ser o presidente dun partido que lle dá tres alcaldes a Santiago en menos de dous anos. El pensa que así o PP gaña, o problema é que así Santiago perde. O Presidente da Xunta decide tamén obrigar á señora Prado a marchar, e a señora Prado marcha, pero o problema continúa, pois despois do fugaz paso do señor Conde Roa por esta alcaldía, o PP de Santiago tivo algo que hai moita xente que non ten nesta vida, unha segunda oportunidade, e o sr. Currás, que tiña difícil facelo peor, conseguíuno, e ten a honra de presidir o peor goberno con diferenza da historia de Santiago.

O Sr. Currás como alcalde, de portas afora, está totalmente deslexitimado e desprestixiado, e de portas cara dentro é incapaz de manter un mínimo de autoridade e unidade, e sinceramente Santiago non se merece isto. O tempo, en calquera caso, porá todo no seu sitio, cando levanten o segredo de sumario, cando coñezamos as transcripcións das conversas telefónicas e as declaracións dos imputados, cando comece o xuízo oral, e ogallá que os veciños e veciñas non se teñan que avergoñar máis do que xa o están do seu goberno e do seu alcalde.

Don Francisco Reyes comeza esta segunda intervención clarexando que me dirixiu a pregunta sobre se había que respectar o establecido na orde do día de cara as intervencións, porque habitualmente o señor alcalde ten tendencia a falar doutras cousas, particularmente da herdanza recibida dos gobernos anteriores, etc., etc. Di que non vai co sr. Currás asumir responsabilidades, para pasar a seguir a enumerar algúns dos feitos dos que si é responsable, e o é, como Presidente desta Corporación e Alcalde, da fractura máis que evidente do goberno municipal, o que xa foi recoñecido polo voceiro do Partido Popular no Parlamento de Galicia, polo Vicepresidente da Xunta e Secretario Xeral do Partido Popular, e polo Presidente da Xunta e Presidente do partido no que milita o Sr. Currás.

É responsable o Sr. Alcalde de dirixir este concello con imprevisión e improvisación, pois ultimamente esta é a norma habitual de funcionamento da xestión municipal nas mesas de contratación, nas comisións informativas e incluso nos plenos, sen embargo, non escatimou esforzos en facer oposición á oposición.

É responsable tamén o señor alcalde de non ter convocado en prazo os concursos públicos dos servizos máis importantes que realizan determinadas empresas para este concello, servizos que a día de hoxe están incumprindo a lei estatal de contratos do sector público, o que pon de manifesto reiteradamente o señor interventor municipal nos seus informes.

É responsable de convocar no lugar de contratos públicos abertos e con publicidade, contratos negociados e sen publicidade, alegando unha urxencia que provoca o mesmo alcalde ao non ter sido capaz de presentar os orzamentos de 2012 a este pleno ata o mes de xullo.

É responsable igualmente de que este concello pasara do posto número 1 na transparencia de contratación de servizos no ano 2010, ao posto 51 a finais de 2012, consecuencia do caos da súa xestión.

Tamén é responsable o Sr. Currás da imaxe que está dando a nosa cidade a nivel internacional como consecuencia de todo isto, así unha cidade que foi portada de medios de comunicación de todo o mundo polos seus premios de cultura, de excelencia urbanística e de rehabilitación, entre outros, hoxe é portada nos mesmos medios pola súa presunta vinculación coa corrupción, como sinala o New York Times na súa edición de 18 de xaneiro deste ano.

E sobre todo, é responsable do denominado tempo morto de dous anos en Raxoi, un tempo irrecuperable para Santiago. O Sr. Currás non está liderando a defensa da cidade nos orzamentos autonómicos ou estatais, orzamentos que se dividiron por dez con respecto aos que aprobaban os gobernos de progeso, nin esta liderando e reclamando unha estación intermodal digna da capital de Galicia, estación que é o centro das comunicacións deste país. E que dicir co que está a pasar co noso aeroporto, ante a absoluta pasividade do alcalde, pois foi o Presidente da Cámara de Comercio quen tivo que mover aos integrantes da Comisión do aeroporto para acordar unha estratexía positiva de mediar entra a Xunta, Ministerio de Fomento e AENA.

A seguir, indica o Sr. Reyes que o Sr. Alcalde non está liderando a política turística desta cidade, e con respecto á depuradora é mellor que fale a señora Castela.

Pregunta a continuación o concelleiro onde está o plan director do noso hospital clínico universitario, pois a USC, a nosa universidade, está a pasando un momento moi difícil, e o Alcalde desta cidade, para que non prosperara unha proposición de apoio a esta grande institución. utilizou o seu voto de calidade.

É responsable o Sr. Currás de dirixir un goberno que carece de proxecto para esta cidade. Un día asinou un proxecto con Layetana para a finca do Espiño para construír cento vinte pisos de luxo, e ao día seguinte só falamos de rehabilitar o palacete, e abrir o parque á veciñanza. Un día vai pechar os “chiringuitos políticos” do anterior goberno, é dicir, os centros socio culturais, é ao día seguinte non se pechan senón que se promoven. Un día anuncia a marcha do mercado de gando a Silleda, e ao día seguinte confirma que se mantén en Santiago.

En fin, o Sr. Currás non pode falar de oposición responsable, porque sabe que ao día seguinte de que o Sr. Reyes fora elixido voceiro do seu grupo, a primeira chamada telefónica que fixo foi ó señor alcalde, primeiro para comunicarllo, e segundo para pedirlle un encontro co fin de poder falar da cidade, dos problemas reais de Santiago, para intercambiar opinións, e en definitiva para traballar por Compostela. A día de hoxe aínda está esperando a que o sr. Alcalde o chame para ter ese encontro, e hoxe ínstao a que na súa segunda intervención fixe unha data dentro desa axenda tan ocupada que ten. Pide o Sr. Reyes que o Sr. Currás sexa responsable, e convoque xuntas de voceiros periodicamente, convoque a comisión especial do aeroporto, convoque o Consello Económico e Social, e integre o grupo municipal do PSdeG-PSOE na mesa de comercio, onde sempre tivo que estar. Cando faga todo iso, poderá falar de responsabilidade da oposición.

Finalmente, pide que o Sr. Alcalde non negue a situación de desgoberno, porque a quen nega a evidencia xa non se lle pode crer nada, e aconséllalle que non asuma o papel dun persoaxe de Shakespeare, que tivo que dicir, “podédesme facer abdicar da miña gloria e do meu Estado, pero das miñas tristezas non, aínda son rei da miña amargura”.

Dona María Castelao intervén seguidamente, e en primeiro lugar dá as grazas e destaca a valentía e transparencia coa que o sr. alcalde afrontou todas as cuestións plantexadas no pleno de hoxe, pois moi poucos na súa condición foron quen de convocar unha rolda de prensa no mesmo momento de coñecer a súa situación como imputados, para darlle traslado á cidadanía de todos os datos relativos a súa citación.

Moi poucos alcaldes comparecerían coa tranquilidade que dá ter ben feitas as cousas, e a transparencia e dispoñibilidade propios da persoa que comparece hoxe aquí e sen tapuxos. Este pleno podería estar convocado nunha hora en que fose difícil para os medios de comunicación cubri-lo, pero pola contra convócase para que todos os cidadáns poidan coñecer as explicacións do seu alcalde.

Opina a concelleira que os grupos da oposición non están en moitas disposicións de falar, pois as súas formacións non son exemplo de nada.

En primeiro lugar refírese a Sra. Castelao ao PSOE, que presentou un candidato as eleccións autonómicas de rebote, que ninguén quería, porque non foron capaces de convocar un congreso e non foron quen de poñerse de acordo para convocalo. O grupo municipal do PSOE tampouco é un exemplo, pois aínda chegan os ecos do que se falaba en toda a cidade

fai un tempo, cando varios concelleiros aporrearon a porta da alcaldía, porque non estaban de acordo cunha decisión que tomara o entón alcalde, por non falar de agora, cando no momento da elección do novo portavoz había case máis candidatos que membros no grupo municipal. Finalmente resultou elixido o Sr. Reyes, que se cansou de dicir que a portavoz ía ser muller e con nome que comezaba por M.

Para a concelleira, o do BNG xa é caso aparte, pois agora están intentando atopar o seu sitio, xa que o seu principal líder histórico abandonounos para unirse a un partido españolista, cousa da que non deben estar moi orgullosos.

Sen embargo, todos os que se sentan na bancada do goberno municipal teñen moitos puntos de unión. En primeiro lugar, a lealdade a un partido, aos valores do Partido Popular, e en segundo lugar, a lealdade ao alcalde, que se demostrou sobradamente nestes últimos tempos, pero que sobre todo se demostra no terceiro punto, o que engloba a todos, ao partido, ao alcalde, aos concelleiros, que é o proxecto de cidade, unha concepción coincidente do Concello, e de cómo xestionalo, o de velar polos intereses dos cidadáns de Compostela.

Non se pode falar de parálise no goberno municipal, porque é público e notorio que non é así. Dona Reyes Leis leva exercendo as súas funcións no último mes en diferentes feiras de turismo ao longo de toda Europa, e acaba de chegar agora mesmo dunha delas, para posicionar de novo a Santiago nos principais circuitos turísticos. Dona Amelia González está introducindo novas aplicacións na carpeta cidadá e traballando a prol dunha administración electrónica. Dona Paula Prado aínda hoxe presentou novas iniciativas a prol da creación de emprego. Dona Cecilia Sierra continúa traballando para adaptar unha situación económica grave á realidade, na que se seguen prestando todos os servizos, incluso ampliándoos, e mentres tanto, estamos pagando 5.300 euros ao día de intereses de débeda bancaria, que ascenden a 159.000 euros ao mes, a eses bancos que os grupos da oposición tanto critican, e que grazas á súa fantástica xestión agora os estamos premiando diariamente con esa cantidade.

Segue relatando o traballo dos concelleiros do seu grupo, e de Dona María Pardo sinala que unha das accións levadas a cabo neste mes, por exemplo, é a adxudicación do proxecto das terrazas de Vista Alegre, conseguindo a cesión dos terreos que o anterior goberno non foi quen de acadar en moitos anos. D. Albino Vázquez está incorporando de novo tres autobuses ao servizo de transporte público municipal, D. Luís Bello, respostando todas as peticións do rural, conseguindo que novos servizos cheguen ao mesmo, D. Juan de la Fuente, dando solucións a todos os pequenos problemas relativos ás obras e solucionando, por exemplo, na rúa Betanzos, a caída dun talud consecuencia dun erro de tramitación dunha licenza do anterior goberno. D. Francisco Noya, pola súa banda, está organizando o nadal e o entroido con moitos menos recursos, e dotando de prestacións ao centro socio cultural de Santa Marta, que o anterior goberno construiu sen previsións de mobiliario. D. Adrián Varela atópase traballando na próxima licitación do complexo deportivo acuático de Santa Marta, e Dona Rebeca Domínguez, solventando demandas históricas de varios centros educativos.

Pola súa banda, a Sra. Castelao indica que no seo da súa concellería os proxectos actuais son os do Parque de Ramírez, o estanque de Alameda, e o proxecto Urbana-Santiago Norte do que falaba o alcalde. Por último, ao Sr. Alcalde corresponde a coordinación, organización e dirección de todas as accións que leva a cabo o goberno.

Cre a concelleira que o relatado non amosa ningunha incapacidade para gobernar, malia que os destacados non son máis que algúns poucos exemplos da actividade que día a día levan a cabo os concelleiros do grupo de goberno. Mentres eles traballan pola cidade, os grupos da oposición adícanse a sobredimensionar un suposto problema, pecando dunha terrible falta de lealdade institucional, intendo desviar a atención da realidade compostelá aos xulgados. A oposición aproveita este feito para levar a cabo unha operación de imaxe, por un lado o BNG buscando o seu sitio que lle foi arredado por parte dos seus compañeiros de partido, e por outro o PSOE, intentando posicionar mediáticamente un novo portavoz, emprega a cidade en beneficio propio.

Mentres o goberno goberna e traballa, a oposición, en lugar de exercela, emprega este caso como plan de comunicación, buscando debaixo das pedras argumentos e recursos para captar o que lles roubaron as urnas.

Fala a seguir o Sr. Alcalde para rematar o debate. Refiríndose ao Sr. Reyes, dille que cando fale de contratos lle pregunte a D. Bernardino Rama como contrataba el os procedementos negociados, e ao señor Bugallo se segue no Tribunal de Contas cun problema de 3,7 millóns de euros en facturas.

As razóns de solicitar un pleno extraordinario para falar sobre un asunto que o Sr. Reyes pode coñecer de primeira man, simplemente pedindo a documentación na Xunta de Goberno, responden a unha estratexia desesperada do grupo local do PSdeG, que ven perdendo apoio popular sucesivamente dende as eleccións municipais, e que nas últimas eleccións nada menos que perdeu o 46% do apoio dos votantes de Compostela. É dicir, de cada dous perdeu un, un de cada dous votantes en Compostela deixou de apoiar ó partido socialista. Ademais, os socialistas están atenazados polo medo, que agora ao mellor é máis.

Asemade, esta é a estratexia lamentable dun portavoz que sabe que no grupo municipal non ten credibilidade, pois nin o señor Bugallo quixo apoialo, xa que non quixo participar na súa designación. A fichaxe do sr. Reyes aseméllase á de Diego López, o porteiro do Real de Madrid, e responde á estratexia dun PSdeG galego que continuamente fala de municipalismo, de administración local, de concellos e resulta que o máximo coordinador e responsable na executiva rexional do partido dimitiu precisamente porque non ten credibilidade en Pachi Vázquez e en toda a executiva. Esta é a “credibilidade” e estratexia do grupo municipal socialista, incapaz de facer propostas constructivas para a cidade, pois só poñen enriba da mesa aquelas que nun exercicio de demagogia e oportunismo político lles serven exclusivamente para os seus intereses.

A seguir indícalle ao Sr. Cela que no Concello non hai casos Carrumeiro, pois iso corresponde ó BNG. Non debe falar D. Rubén Cela de escándalos, pois ao mellor o Sr. Alcalde lle lembra nomes, contratos, e amigos.

O feito de que o BNG convoque unha manifestación na Praza do Obradoiro neste momento, ao mesmo tempo que se están a celebrar dous plenos, responde á estratexia de provocación e crispación que caracteriza a súa liña de actuación, presidida pola falla de ideas e propostas, e ademais porque nas últimas eleccións autonómicas perderon en Santiago o 52% dos votos. Esta é a estratexia da incoherencia dun Bloque Nacionalista Galego que apoiou, mantivo e reforzou ao Sr. Bugallo e ao Sr. Rama, ámbolos dous imputados durante moitos meses neste

concello, para manter agora, nun grao de incoherencia sen límites, que o Alcalde e a concelleira teñen que dimitir. Esta é a estratexia do BNG, acorde coas tres faccións que teñen nos tres concelleiros do grupo municipal, e é a estratexia de utilización política da imaxe da cidade exclusivamente en beneficio propio, chegando incluso a falar de moción de censura cando saben que nin legalmente, nin por apoios, poden convocala. Esta é a forma irresponsable e populista de actuar dos que, como o Sr. Cela, sinten pánico polo futuro político dun veciño de Teo de cara a 2015, que os pode sacar do círculo político local, por iso necesitan crispación e provocación. Di o Sr. Currás que isto lle importa moi pouco ao BNG, que chegou incluso a permitir bufonadas no Concello cos símbolos máis tradicionais de Galicia, o himno e o traxe tradicional galego, mentres o grupo de goberno non perde nin un minuto en atender a esas provocacións, porque a súa maior maior preocupación é resolver os problemas dos cidadáns de Compostela.

Con estas premisas, di o Sr. Alcalde que o goberno municipal non vai perder nin un minuto en entrar ó xogo nin ao Sr. Reyes nin ao Sr. Cela, pois Compostela non precisa de crispación en absoluto, aínda que sexa a única forma de facer política na que os concelleiros da oposición creen.

Rematado o debate, o Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as dezasete horas e dez minutos. Dou fe.